

PERSONAXE 2: Yamir, da India.

INSTRUCCIÓN YAMIR

Le en voz alta, para que te escoite o resto de xogadoras/es:

Ola! Eu tamén son da India, que casualidade, como Nadia. Pero non vivo na cidade, senón no rural. Creo que esta zona é semellante a Galicia, porque chove moito e é todo moi verde. Traballo na recollida do algodón da pequena plantación da nosa familia. Teño 18 anos.

Información de xogo para Yamir

Comezas o xogo con... 1000 puntos.

Cadro 3. *Érgueste cedo e vas camiñando ata a plantación para comezar a traballar. A paisaxe é fermosa. Gañas 50 puntos.*

Cadro 5. *A túa familia precisa mercar sementes para os cultivos. Como non tedes cartos suficientes, pides un crédito a un prestamista da rúa, con moi altos tipos de xuro. Perdes 150 puntos e retrocedes 2 cadros.*

Cadro 8. *Unha praga acabou con parte da colleita. Hai que comezar de novo. Perdes 200 puntos e tes que volver á saída.*

Cadro 10. *Este ano a túa irmá non pode estudar porque non chegan os cartos para os libros e materiais que precisa para a escola, así que irá só o teu irmán pequeno. Perdes 200 puntos e retrocedes 2 cadros.*

Cadro 14. *O algodón precisa fertilizantes. Tes que conseguir diñeiro prestado para mercalos. Perdes 150 puntos.*

Cadro 17. *Conseguides vender a primeira colleita de algodón do ano a un prezo razoable e, despois de pagar débedas, quedanche 76 rupias (moeda india). Gañas 100 puntos.*

Cadro 21. *O teu irmán pequeno consegue rematar a escola primaria, estás moi orgulloso del. Gañas 150 puntos.*

Cadro 23. *Durante os últimos meses non choveu suficiente. A calidade do algodón non será tan boa. Perdes 150 puntos e retrocedes 5 cadros.*

Cadro 27. *Mancácheste nas costas por traballar moitas horas na mesma posición. Perdes 200 puntos e retrocedes 3 cadros.*

PERSONAXE 2: Yamir, da India.

Cadro 30. *A túa nai, o teu pai e outras persoas que traballan na recolección de algodón forman unha cooperativa para conseguir mellores condicións. Agardas que o prezo do algodón mellore no mercado internacional. Gañas 150 puntos e avanzas 2 cadros.*

Cadro 34. *O teu irmán pequeno enfermou e tedes que conseguir diñeiro para medicamentos. Perdes 150 puntos.*

Cadro 35. *Non se vende parte do algodón colleitado porque unha praga de moscas esmagou parte da produción almacenada. Perdes 100 puntos e retrocedes 4 cadros.*

Cadro 37. *O prezo do algodón baixou e os cartos que che pagan polo teu traballo tamén. Perdes 200 puntos e retrocedes 1 cadro.*

Cadro 41. *As familias recolectoras de algodón decidides mobilizarvos para pedir respecto aos dereitos laborais e evitar o traballo infantil. Gañas 150 puntos e avanzas 1 cadro.*